



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Así o defendeu o notario Victorio Magariños que cualifica de obsoleta a lexislación que regula o Dereito Sucesorio no noso país

“HAI QUE DAR LIBERDADE TOTAL AOS PAIS PARA DESHERDAR E NON LIMITAR A FACULTADE DE DISPOSICIÓN ESENCIAL QUE REXE NO DEREITO DE PROPIEDAD”

O experto, vogal permanente da Comisión Xeral de Codificación do Ministerio de Xustiza e fundador e presidente da Academia do Notariado de Sevilla avoga tamén por eliminar os impostos de Sucesións e Patrimonio.

Hoxe presentou na RAGXEL, nun acto encabezado polo máximo responsable desta institución, José Luis Seoane Spiegelberg e organizado en colaboración co Ilustre Colexio Notarial de Galicia, o seu libro “Libertad para ordenar la sucesión. Libertad para testar”.



De izqda. a dcha.: Victorio Magariños Blanco, José María Graiño Ordóñez, José Luis Seoane Spiegelberg y Francisco M. Ordóñez Armán



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

A Coruña, 20 de outubro de 2022.- Obsoleta e inadecuada para a realidade de hoxe. Ese é o cualificativo co que o notario Victorio Magariños referiuse á lexislación sucesoria no noso país, avogando por actualizala dando a liberdade total aos pais para desherdar aos fillos. “A morte non pode supoñer unha limitación na liberdade de decisión dunha persoa sobre o seu patrimonio. Non pode limitar a facultade de disposición esencial que rexe, en calquera outro caso, no Dereito de Propiedade”. Estas afirmacións formaron parte da súa intervención na presentación do seu libro “Libertad para ordenar la sucesión. Libertad para testar” que tivo lugar na RAGXEL, nun acto no que Magariños foi presentado polo decano do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, José María Graíño Ordóñez e polo vicepresidente da Academia Galega de Xurisprudencia, Francisco Ordóñez Armán

O experto, vogal permanente da Comisión Xeral de Codificación do Ministerio de Xustiza e fundador e presidente da Academia sevillana do notariado, non se andou con panos quentes. “A lexítima impónse sen fundamento razoable; e dá igual que varíe segundo as comunidades autónomas ou que se reduza”; “A cota lexítima sempre será cega, á marxe de merecementos e da necesidade de protección e, normalmente, desproporcionada pois depende da contía do patrimonio do causante”, insistiu. Os pais, lembrou Magariños, teñen a obriga de educar e alimentar aos seus fillos ata que estes adquiren a súa independencia. “Cumprido isto, ningunha norma xusta pode esixir máis”.

“Se queremos un sistema xusto, hai que dar liberdade pois actualmente a desherdación só pódese facer expresando no testamento a causa e e esta ten que ser unha das expresadas no Código Civil e moitas veces o asunto acaba en preito e ten que ser o herdeiro beneficiario o que probe eses feitos”, explicou Victorio Magariños. A súa conclusión é clara. “Nunha sociedade avanzada o Estado debe incentivar a produtividade e o impulso creativo que xera riqueza, en lugar de apagalala con impostos destrutivos como Sucesións e Patrimonio”, taxas que avogou por eliminar.